

CIRCULAR 64-2025

X CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE PÉNTATLON DE LANZAMENTOS MÁSTER

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o 19 de abril nas pistas da Universidade de Santiago de Compostela, o Campionato Xunta de Galicia de Péntatlon de Lanzamentos Máster.

Art.2).- Poderán participar atletas da categoría Máster con licenza na presente tempada pola FGA.

- Dada a limitación de prazas dispoñibles, limitarase o número de atletas en función das inscricións.
- Será obrigatorio ter marca acreditada en, polo menos, tres das cinco probas dende o 1 de xaneiro de 2024.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 20:00 horas do luns 14 de abril.

- Serán válidas as marcas realizadas nas tempadas 2024 e 2025.

Situacións a referir no campo observacións da inscrición e formato de comunicación:

- Persoas con marca no péntatlon, cuxa marca non apareza automaticamente na inscrición:

4123p – Lugo – 15/05/24

- Persoas sen marca en péntatlon: indicar as marcas realizadas de xeito individual nas probas que o compoñen:

Peso – 10.98 – Vigo – 27/06/24

Disco – 36.37 – Ourense – 05/01/25

...

Art.4).- Prazo de comunicación de baixas.

- Rematará ás 20:00 horas do mércores 16 de abril e serán remitidas a direcciontecnica@atletismo.gal

Art.5).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.6).- A presentación de artefactos persoais para a súa homologación pechará 50' antes do comezo do péntatlon.

Art.7).- Os/as atletas deberán pasar por cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto, e deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

Art.8).- Horario (poderá ser modificado en función das inscricións)

Cámara de Chamadas		HORARIO	
Apertura	Saída a Pista	Hora	Proba
9:25	9:30	10:00	Martelo
-	-	11:25	Peso
-	-	12:40	Disco
15:55	16:00	16:30	Xavelina
-	-	17:50	Martelo Pesado

*A entrega de artefactos persoais para homologar farase ata 50 minutos antes do comezo da competición.

Art.9).- Os/as tres primeiros/as atletas clasificados/as de cada categoría recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao podio. No caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.10).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Establécense as seguintes recargas e penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a direcciontecnica@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba, salvo causa xustificada e acreditada por escrito á FGA a través do correo competicion@atletismo.gal antes de superadas as 48 horas dende o inicio da competición.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.11).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 23 de marzo do 2025

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo